

Maios e desmaios

 XERAIS



Título:
Autor:
Colección:
Nº páxinas:
ISBN:

Maios e desmaios
Ramón D. Veiga
Álbum ilustrado
64
978-84-1110-611-5

O autor



Ramón D. Veiga. Licenciado en Filoloxía Hispánica, traballa no eido da edición. Ten publicados os seguintes títulos para o público infantil: *Violeta quiere ser vampiro. Un Conto do Samaín* (Xerais, 2017), *É tempo de Entroido!* (Xerais, 2018), *A araña que lles tiña medo ás arañas* (Xerais, 2019), *Meigas fóra!* (Xerais, 2020), *Non pare a festa* (Xerais, 2021), *De festa en festa* (2022), *Gloria* (2023), *Inventario de bruxas da avoa Maruxa* (2023), *Violeta ás agachadas* (Xerais, 2023) e *Maios e desmaios* (Xerais, 2025). Tamén é autor das series *Miñoca* (Xerais, 2021/2022/2023/2024) e *Fani e Dani* (2023/2024), e colaborou no volume colectivo *Era outra vez* (2022) coa adaptación do conto de Óscar Wilde *O xigante egoísta*. En 2021 gañou o Premio Arume de Poesía para a Infancia con *Violeta Paraplúie e outras historias de xente pouco corrente* (2022) (Selección OEPLI, 2022 / Premio Frei Martín Sarmiento, 2024); en 2022, o XV Premio El Príncipe Preguntón de Poesía para Niños con *O delirante restaurante de Héitor Mórtimer e a súa clientela aberrante* (2023); en 2023, o Premio Anisia Miranda de Teatro para a Infancia con *Medo me dá!* (2024) e en 2025 o I Certame Literario Jaime Olmedo Limeses con *Pernascochas* (2025). Publicou os contos en liña *#EuQuedoNaCasa* (2020), sobre o confinamento provocado pola covid-19; *Bombas de chocolate* (2022), sobre a guerra de Ucraína e *Sucedeu en Samede*, sobre a celebración do Entroido nesta localidade (2024). Para o público adulto publicou *Zoom* (Xerais, 2022). Na actualidade coordina a conta de Instagram [@podiachovermerda](#), onde todos os textos son da súa autoría. Parte da súa obra está traducida ao catalán e ao castelán.

Resumo argumental

Na vila de Violeta todos os nenos e nenas teñen nome de flor e a festa dos Maios celébrase por todo o alto. A xente prepara vistosos Maios e organízase un concurso do máis orixinal. Un día, Violeta ve na tele unha reportaxe sobre unha nena que vive nunha fraga escura. A nena chámase Toxina e é alérxica ao pole, polo que decidiu celebrar a festa dos Desmaios, facendo as esculturas vexetais con plantas murchas e chorimas de toxo, a única flor que soporta o seu organismo. Violeta consegue pórse en contacto con Toxina e convídaa á festa dos Maios da vila, pero que Toxina ten que rexeitar o convite. Un día, unha abella pica a Toxina e esta cura a súa alerxia, polo que decide acudir á festa da vila de Violeta e leva con ela un Desmaio. Alí coñece a todos os veciños e veciñas e a súa escultura vexetal recibe o primeiro premio.

Temas e valores

A festa dos Maios

O libro é unha achega divertida a esta festa da primavera galega.

A amizade e a diferenza

Violeta é unha rapaza sen prexuízos que está disposta a achegarse e aprender de quen é diferente.

As alerxias

Toxina é unha nena con alerxia ao pole, cuestión que condiciona a súa vida.

Actividades

Antes da lectura

- Buscar información sobre outras festas da primavera que se celebren no mundo e comparalas co xeito en que se celebra en Galicia.
- Comentar na clase que outras festas relacionadas co ciclo do ano se celebran en Galicia.

Despois da lectura

- Comentar na clase a facilidade de Violeta para establecer relación con Toxina sen importarlle a circunstancia especial desta rapaza.
- Falar na clase sobre como as alerxias ou outras cuestión relacionadas coa saúde poden condicionar a vida cotiá dunha crianza e como deben actuar as persoas que a rodean.

Ficha d1 (despois da lectura)

1. Coa axuda do dicionario define as seguintes palabras:

Xesta (páx.10)

Apeiro (páx. 10)

Fraga (páx. 14)

Vimbio (páx. 14)

2. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

3. Coa axuda do dicionario define as seguintes palabras:

Bugallo (páx. 15)

Enfeite (páx. 15)

Troulear (páx. 20)

Indumentaria (páx. 21)

4. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible de palabras da pregunta anterior.

5. Coa axuda do dicionario define as seguintes palabras:

Axeitar (páx. 26)

Apócema (páx. 29)

Murcha (páx.32)

Mirrar (páx.33)

6. Constrúe unha frase ou un parágrafo no que apareza o maior número posible das palabras da pregunta anterior.

2. Coa axuda do dicionario define as seguintes palabras:

Decontado (páx. 38)

Pole (páx. 40)

Leria (páx. 41)

Abofẽ (páx. 43)



Pedidos a

Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15190 A Coruña
Tel.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647

XERAIS

Doutor Marañón, 12 • 36211 Vigo
Tels.: 986 214 888 / 986 214 880
Fax: 986 201 366
xerais@xerais.es
<http://xerais.es>

